

ENFIANDO

# DE OCULTOS E OCULTADORES

Texto Francisco X. Fernández Naval  
Escritor



**A**ta o último día deste mes de novembro permanecerá aberta no Museo do Pobo Galego en Compostela, a exposición que conmemora os 50 anos da publicación pola editorial Galaxia, da novela de Álvaro Cunqueiro "Merlín e familia". Coincide en días e cidade coa outra, importante, pero importada, de Frida Kahlo, a pintora mexicana, esposa de Diego Rivera, da que se tratou recentemente nestas páxinas. Sería posible establecer relación entre Frida e Merlín e así complementar visita, xa que estamos diante de dous grandes simuladores, dous grandes ocultadores, ela inventando un ser diferente ó que realmente era, deseñando o seu entorno coma un gran decorado teatral e os seus adobíos coma atrezo escénico, se cadra para amosar unha imaxe feliz, quizais para vencer a dor e o sufrimento; el tecendo o enigma arredor de si, esvaecéndose en brétemas, diluíndose entre signos e palabras, arcanos que abren e pechan as portas do misterio; os dous transformándose en lenda e, ó cabo, os dous descoñecidos, por moi populares que sexan.

A montaxe da exposición de Merlín, concibida cun claro obxectivo pedagóxico, adoece, se cadra, de ambición á hora de



Arriba, Castroviejo e Cunqueiro, nun dos seus coloquios radiofónicos dos anos 50. Abaixo, capa da primeira edición de "Merlín e familia"

ofrecer materiais orixinais vencellados co escritor de Mondoñedo e coa figura do meigo, druída ou bruxo; así como de algo máis de espazo e de máis aire entre os contidos. Con independencia do anterior, a exposición merece visita e disfrute, tanto pola información que ofrece como por se tratar dunha parte de nós. Magnífica a idea de decorar as salas con mazás, froito de verán serodio e de outono primeirizo, que agasallan ó visitante co recendo seu, exactamente igual que agasallaban as estancias do casal de Merlín e Xenebra.

O Merlín de Cunqueiro é obra fundamental na historia da nosa narrativa contemporánea. O anecdotario relatado por Felipe de Amancia e a corte de personaxes que visita a casa do mago e de dona Xenebra, actuou sobre a nosa literatura cun efecto liberador e ampliou o horizonte dos sonhos. En 1959, Eduardo Blanco Amor publicaba "A Esmorga". As palabras golpeaban con firmeza contra a noite de pedra.

A exposición ten un protagonista literario, Merlín, e dous históricos que forman parte do noso patrimonio cultural: Álvaro Cunqueiro e Francisco Fernández del Riego, quedando constancia na mostra da súa firme relación de amizade, con fotografías e cartas orixinais. Hai outro nome que aparece ás veces no material exposto, tamén na documentación gráfica, que foi grande amigo de Cunqueiro, tamén de Don Paco, e que a sociedade e a cultura galegas semellan non querer lembrar, falo de Xosé María Castroviejo, o oculto. Se cadra, a estas alturas, convén lembrar que el e Cunqueiro asinaron esa maravillosa obra literaria e gastronómica, na que xuntos percorren as nosas xeografías, as né-

boas das mañás de inverno e as cociñas e potes do país, falo desa "Viaje por los montes y chimeneas de Galicia -caza y cocina gallegas-" que un non se fatiga nunca de recomendar e de reler.

Castroviejo é autor dunha ampla obra literaria, escrita maiormente en castelán, pero tamén en galego, debendo mencionar o libro de relatos "Memorias dunha terra" e o de poemas "Tempo de outono e outros poemas", así como unha extensísima colección de artigos de prensa.

Quizais pese sobre Castroviejo a sombra dun pasado inicialmente vencellado ó réxime anterior. Pero, se a nosa sociedade foi quen de absolver a outros deste tipo de veleidades, entre eles ó propio Cunqueiro, por poñer un exemplo que haber hai máis, en beneficio propio e da nosa normalidade como colectividade, deberíamos recoñecer definitivamente o papel que Castroviejo xogou como creador e tamén como dinamizador e defensor da nosa cultura, buscando sempre os vencellos que nos permitían recoñecérmonos na relación con outros pobos atlánticos, particularmente con Bretaña.

Pechar feridas, sen esquecer, pero integrando a todos cantos contribuíron a definir o ser deste noso país, sen ocultar, sen ocultármonos; incorporar ó noso patrimonio común a aqueles que traballaron coa lingua e coa cultura dende posicións ideolóxicas diversas, vén sendo o único xeito de construír unha literatura plural que a todos representa, pois plural é a nosa sociedade. Velaí outro reto para os días da memoria e como remate esta pregunta: ¿habrá algún día festa das letras para Castroviejo?

